

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE.

Rúa Curros Enríquez, 1-4º, 32003 Ourense

Asunto: ALEGACIÓNS AO ACORDO DO 17 DE OUTUBRO DE 2022, DA XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE, POLO QUE SE SOMETEN A INFORMACIÓN PÚBLICA A SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA, A DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA, EN CONCRETO, COA NECESIDADE DE URXENTE OCUPACIÓN, A AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA DE CONSTRUCCIÓN, O PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO E O ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL DO PARQUE EÓLICO MISTRAL, SITUADO NO CONCELLO DE BALTAR, PROVINCIA DE OURENSE (EXPEDIENTE IN408A 2021/029), DOG NÚM. 206, DE 28 DE OUTUBRO DE 2022,

Don/Dona _____ con DNI.
Número _____, con domicilio a efectos de notificacións en
_____, municipio de _____,
provincia _____.

EXPÓN:

En relación á documentación presentada a avaliación pública, procede realizar as seguintes consideracións:

1ª. AFECCIÓN SIGNIFICATIVA E IRREVERSIBLE Á RESERVA TRANSFRONTEIRIZA GERES- XURES. A Liña de Alta Tensión atraves a Reserva desde o apoio MIS - 35 ata o final da traza. Outros Espazos Naturais Protexidos catalogados próximos á área de estudo son os seguintes: Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, a uns 900 m ao sur do apoio MIS-63. Catalogado tamén como Zona de Especial Conservación (ZEC), Zona de Especial Protección da Avifauna (ZEPA) e Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN).

2ª. Afección moi severa e prexuízos significativos para os recursos hídricos. Vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA). **AUSENCIA DUN ESTUDO HIDROLÓXICO E HIDROXEOLOXICO QUE GARANTA A CALIDADE DAS MASAS DE AUGA SUPERFICIAIS E SOTERRADAS E A NON AFECCIÓN AOS ACUÍFEROS.** Os complexos húmidos que deberan estar incluídos no Inventario de Humidais de Galicia (Ponte da Pedra, A Veiga e a Veiga de Farei) non se teñen en conta no proxecto.

3ª. DIVISIÓN ARTIFICIOSA DE PROXECTOS AOS EFECTOS DA AVALIACIÓN DOS IMPACTOS AMBIENTAIS. EVACUACIÓN DA ENERXÍA DO PROXECTO EÓLICO MISTRAL. Estamos ante 3 proxectos (parque eólico Mistral, parque eólico Tramontana e Liña de alta tensión a 132 KV desde a subestación do parque eólico Tramontana, pasando pola subestación do parque eólico Mistral, ata subestación de Salas) que aos efectos ambientais tramítanse dunha forma independente.

4ª. AUSENCIA DE CONSULTA TRANSFRONTEIRIZA POR AFECTAR O PARQUE EÓLICO A PORTUGAL. VULNERACIÓN DO ARTIGO 49 DA LEI 21/2013 DE 9 DE DECEMBRO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL, ARTIGO QUE DISPON O SEGUINTE.

5ª.- FALLA DE UTILIDADE PÚBLICA E INTERÉS SOCIAL DO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO MISTRAL, DO PROXECTO EÓLICO TRAMONTANA E DA LIÑA ELÉCTRICA COMÚN DE EVACUACIÓN. NON SE XUSTIFICA A NECESIDADE DESTAS INFRAESTRUTURAS. Non se xustifica a necesidade de máis proxectos eólicos na mesma área xeográfica. Este parque eólico porque a súa incidencia sobre o territorio é inasumible desde o punto de vista ambiental e paisaxístico.

6ª.- AFECCIÓN SIGNIFICATIVA, SEVERA E PREXUIZOS IRREPARABLES PARA A PAISAXE E Á BIODIVERSIDADE. INCREMENTO DO FEÍSMO PAISAXÍSTICO E AFECCIÓN SEVERA AO TURISMO E Á HOSTALERÍA. O proxecto do parque eólico Mistral afecta de maneira irreversible a lugares identitarios para a poboación e as familias que viven, residen e/ou traballan neste ámbito xeográfico.

7ª.- AFECCIÓN SEVERA E PREXUIZOS IRREVERSIBLES PARA AS ÁREAS DE INTERÉS PAISAXÍSTICO (AEIP) Serra da Pena-O Couto Mixto e Fraga da Rousia. Os proxectos eólicos Mistral e Tramontana, xunto coas súas infraestruturas asociadas, eliminan a funcionalidade destes espazos catalogados.

8ª.- PROHIBICIÓN DA RECALIFICACIÓN URBANÍSTICA DOS TERREOS INCENDIADOS.

9ª.- AFECCIÓN MOI SEVERA E PREXUIZOS IRREPARABLES PARA A REDE NATURA 2000 E A SÚA COHERENCIA. FALLA DE CONECTIVIDADE ECOLÓXICA ENTRE OS ECOSISTEMAS.

10ª.- AFECCIÓN SEVERA POR RUIDO E SOMBRAS AO BENESTAR DÁS FAMILIAS QUE VIVEN, RESIDEN E TRABALLAN NOS NÚCLEOS RURAIS AFECTADOS. A altura dos aeroxeradores (150 metros) e a súa proximidade aos núcleos habitados de Sendim (a 600 metros), San Martiño de Peros (a 600 metros), Sabucedo de Peros (a 1 quilómetro), Vilamaior da Boulosa (a 1,4 quilómetros), ademais de A Quinta, Montecelo e San Paio, a unha distancia de menos de 3 quilómetros do polígono, provocaría efecto sombra (para algunhas vivendas, durante 100 días ou máis ao ano) e niveis de ruído moi por riba dos normais nunha contorna rural.

11ª.- AFECCIÓN SEVERA AO PATRIMONIO CULTURAL E ARQUEOLÓXICO E A SÚA DESCONTEXTUALIZACIÓN.

En virtude do anterior,

SOLICITA: O rexeitamento da solicitude de autorización administrativa previa, da declaración de utilidade pública, en concreto, coa necesidade de urxente ocupación, da autorización administrativa de construción, do proxecto de interese autonómico e do estudo de impacto ambiental do parque eólico Mistral, situado no concello de Baltar, provincia de Ourense (expediente IN408A 2021/029), DOG Núm. 206, de 28 de outubro de 2022.

OUTROSÍ DIGO: Que é preciso resposta razoada a estas alegacións segundo á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común. A falta de resposta é motivo de nulidade da tramitación.

Fdo.- _____

En _____, a _____, de _____ do 2022